

INFORME DE EXECUCIÓN

**Accións de Internacionalización
dos áridos de Galicia**

IG208.2024.1.12

ASOCIACIÓN GALEGA DE ARIDOS

DECEMBRO 2024

ÍNDICE

1	DATOS DO PROXECTO	3
2	ANTECEDENTES E MOTIVACIONES DAS ACCIÓNS	3
3	PUBLICIDADE DAS ACCIÓNS	7
4	METODOLOXÍA EMPREGADA	10
5	MISIÓNS E ACCIONS EMPRESARIAIS ANOS 2023 E 2024	11
5.1	CONSTRUMAT. BARCELONA, MAYO 2023. PRESENCIAL	11
5.2	UEPG COMMITTEE MEETINGS. BRUSELAS, OUTUBO 2023. ONLINE	12
5.3	XORNADAS TÉCNICAS ANIET. OPORTO, NOVENBRO 2023. PRESENCIAL	15
5.4	NEPSI IN ACTION. MADRID, XANEIRO 2024. PRESENCIAL	15
5.5	WORLD BLASTING INNOVATION (WBI). PORTO, OUTUBRO 2024. PRESENCIAL...	16
6	CRONOGRAMA	17
7	CONTRATACIONES EXTERNAS	17
8	ORZAMENTO.....	iError! Marcador no definido.

1 DATOS DO PROXECTO

Proxecto	
Título proxecto:	ACCIÓNS DE INTERNACIONALIZACIÓN DOS ÁRIDOS DE GALICIA
Autores:	.- Asociación Galega de Áridos, persoal propio .- Colaboradores: .- Técnicos de empresas asociadas. .- Consultoras externas.
Entidade Subvencionada	ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS (ARIGAL)
Data de realización	01 xaneiro de 2024 a 30 de novembro de 2024
Ámbito territorial	Europa
Destinatarios	.- Empresas do sector dos áridos de Europa .- Prescriptores internacionais de produtos de construción .- Xestores de infraestruturas viarias e ferroviarias europeas

2 ANTECEDENTES E MOTIVACIONES DAS ACCIÓNS

Tras os dous estudos solicitados a través da rede PEXGA nos anos 2014 e 2016, a Asociación Galega de Áridos leva traballado o longo dos últimos nove anos no obxectivo inicial de estudar a posibilidade de exportar os nosos áridos galegos a outros ámbitos europeos, aproveitando o desenvolvemento e empuxe das actuais infraestruturas portuarias, co gallo de aumentar o mercado dos áridos galegos.

Destro de esta inquietude, en setembro de 2016, incorporouse o equipo de Arigal, nas súas oficinas, un becario de internacionalización cedido polo IGAPE. Durante varios meses, dito becario desenvolve varias liñas de traballo, que foron:

- Recompilación de datos técnicos dos produtos galegos, co obxectivo de comezar a elaboración do "Catálogo dos áridos galegos", ferramenta comercial imprescindible nas próximas accións comerciais no eido internacional,
- Prospección de mercado das principais entidades administradoras de infraestruturas europeas, tanto ferroviarias, coma autoestradas e similares, estudando os históricos

de licitacións, identificando os produtos licitados, e traballando coas complexas plataformas de licitación destas entidades,

- Identificación dos produtos licitados, traballouse coa plataforma SALT de licitacións internacionais na procura de que entidades licitaban estes produtos, o que derivou na detección de oportunidades comerciais en Marrocos, que tamén foi estudada neste primeiro estudo de internacionalización desenvolto,
- Do mesmo xeito, estase contactando coas principais empresas adxudicatarias de obra pública do Reino Unido, con gallo de presentar os produtos galegos, sendo imprescindible dispor do catálogo.

O informe do traballo desenvolvido polo noso becario de internacionalización, achegouse coa solicitude de axuda.

A continuación, no 2019, a través da anterior edición desta orde de axudas, elaborouse un catálogo divulgativo dos posibles áridos a exportar, definindo a súa caracterización técnica, capacidades de produción, prazos, rutas, etc.




Detalle do catalogo nos tres idiomas

Debido a característica intrínseca do baixo custe dos áridos, pénsase que débese destacar a alta calidade dos áridos producidos na nosa comunidade autónoma, incluídos os centros de traballo máis próximos a estas infraestruturas portuarias, que non son poucos, con capacidade de exportación de graneis.

Este obxectivo inicial de estudo de posibilidades de exportación, veuse referendado e modificado a finais de 2017, posto dende os portos exteriores de Ferrol e Coruña, catro PEMES galegas alcanzaron un fito histórico, máxime despois dos anos de esforzo da asociación e do propio sector, invertendo tempo, esforzo e recursos na procura de novos mercados para os áridos galegos. Así, dende ditos portos zarparon catro barcos con 40.000 t de escolleira galega, para a realización dun porto no localidade francesa de Calé.

Esta acción, conseguiu vencer o principal escollo neste tipo de accións, que tanto o proveedor, ou sexa, nos, coma o subministrado, confirmen a posibilidade e viabilidade deste tipo de tráfico, satisfactorio para ámbalas dúas partes. Froito deste primeiro envío, xa se empezan a consolidar novas posibilidades, pero tanto a asociación, coma o propio sector, pensan que gracias as boas infraestruturas portuarias das que se dispón, cabe explorar outras accións.



Detalle das fichas de produto interiores, no catálogo en inglés, francés e castelán

Trala elaboración desta imprescindible ferramenta, o Catálogo dos áridos galegos, iniciouse unha intensa campaña de difusión, coa asistencia a feiras, e reunións técnicas sectoriais europas, presentando esta ferramenta os futuros clientes (empresas consumidoras, administradores de infraestruturas e prescriptores de materiais), de xeito que teñan clara a caracterización técnica, capacidades de produción, prazos, rutas, etc. dos áridos producidos en Galicia.



Tras esta primeiras accións, dentro do programa Galicia Exporta Organismos Intermedios 2020 solicitáronse dúas accións claramente continuadoras con este intenso e ambicioso plan de internacionalización:

- Reimpresión do Catálogo de Áridos, 500 unidades, coas súas 6 fichas de produto interiores, en varios idiomas, principalmente inglés.
- Asistencia a foros internacionais, onde se desenvolven reunións directas con prescriptores, consumidores e comercializadores de áridos, posto que existe un mercado internacional xa establecido, mediante transporte marítimo, que comeza a coñecer as posibilidades dos áridos da nosa comunidade autónoma.

Na convocatoria do 2022 e tralo éxito do catálogo decidiuse actualizalo catálogo con empresas e cifras de produción. Co obxectivo de mostrar unha imaxe máis real do sector no exterior.

Nesta convocatoria do 2024 considerouse imprescindible a actualización dos materiais dos catálogos por produto, tipoloxía e empresa.

3 PUBLICIDADE DAS ACCIÓNS


E importante salientar que a asociación, coma entidade sectorial que é, fai unha labor de promoción internacional de todo o sector, da calidade e tipoloxía do produto, poñendo en contacto a demanda e a oferta, o consumidor co produtor, apartándose das negociacións posteriores entre empresas.


Toda a documentación empregada está dispoñible en formato dixital, nos diferentes idiomas (castelán, inglés e francés), na páxina web da Asociación Galega de Áridos (www.ariga.gal), así coma onde se considere axeitado por parte do propio IGAPÉ.

Tal e como se indica no Anexo III das bases da convocatoria, tódala documentación e accións desenvolvidas levar, dun xeito perfectamente lexible, a lenda:



Asemade, fixose unha descrición da acción no noso sitio web, www.ariga.gal, e colocáronse sendas placas, unha na entrada das oficinas de Arigal no portal, e outra na porta de acceso as súas oficinas, segundo as fotos e plano de ubicación das mesmas.







Accións de Internacionalización dos áridos de Galicia IG208.2024.1.12.

Ademais publicouse o feito nas RRSS da propia Asociación como móstrase na seguinte fotografía:



4 METODOLOXÍA EMPREGADA

Debido a estes formatos de reunión, sistematizouse o envío previo do Catálogo de Áridos, tanto en formato dixital, coma en formato papel. O envío do formato papel é debido a que a nosa experiencia en este tipo de encontros, entre empresas, prescriptores, e axentes de interese, ó ser un sector primario, e relativamente “tradicional”, agradécese o emprego dunha ferramenta física, coma o catálogo en papel, para explicar dun xeito claro e detallado, tanto os produtos, coma as opcións actuais de loxística, vital no tipo de comercio que se pretende impulsar.

A data de inicio de difusión de material promocional foi o 02 de maio de 2024, rematando o 30 de xullo de 2024. Tal e coma se indica no apartado seguinte.

Os países nos que se realizou a difusión foi:

- Francia.
- Alemaña.

- Reino Unido.
- Países Baixos.
- Estados Unidos.
- México.

Trala conclusión das accións deste ano, ratificouse a idoneidade do prantexamento de remitir en certas ocasións, a documentación previamente en formato papel, posto que a pesar dos inconvenientes derivados das reunións telemáticas, agradeceuse por parte dos destinatarios a ferramenta en papel, para ter un soporte físico sobre o que traballar, tomar notas, etc.....

Por último, as copias en formato dixital do material están dispoñibles na seguinte ligazón:

<https://arigal.gal/index.php/gl/comunicacion/novas/item/168-catalogo-de-aridos-de-galicia-diponibles-para-a-sua-descarga-as-versions-en-espanol-ingles-e-frances>

5 MISIÓNS E ACCIONS EMPRESARIAIS ANOS 2023 E 2024

5.1 CONSTRUMAT. BARCELONA, MAYO 2023. PRESENCIAL



Construmat é a feira de referencia no sector da construción a nivel nacional. Dado que encontrase na cadea de valor directa para o sector dos áridos, desde ARIGAL desprazámonos este ano coa intención de promocionar os nosos recursos naturais.

Construmat 2023 volveu con un showroom único, un espazo innovador e dinamizador no que os profesional da construción puideron descubrir os últimos materiais, técnicas, servicios e sistemas para unha construción de baixas emisións, así como solucións para a dixitalización e a industrialización dos procesos construtivos que xa estánse aplicando con éxito no mercado.



5.2 UEPG COMMITTEE MEETINGS. BRUSELAS, OUTUBO 2023. ONLINE

Dúas veces o ano, o sector produtor de áridos de toda Europa reúnese nos chamados UEPG Committees.

Nestes Committees, desenvólense dous tipos de accións. Unhas reunións técnicas de mellora dos produtos, e outras, obxecto principal desta acción, comerciais. Unha característica común a tódalas empresas produtoras de áridos, e que nunca se pode ter unha gama de produtos infinita, debido as características morfolóxicas e xeolóxicas de cada centro extractivo non se poden ter máis litoloxías que as definidas polo recurso mineiro. Por este motivo, establécense varios tipos de encontros comerciais:

- Encontros con representantes sectoriais de cada país e rexións, de xeito, que estúdanse consorcios empresariais para as licitación onde a demanda é moi elevada nun curto espazo de tempo, ou as necesidades técnicas dos produtos obrigan a empregar tipoloxías moi

concretas, obrigando a importación de materiais, na axenda provisional defínense coma os encontros tipo 1

- Encontros con responsables de empresas de ámbito multinacional, como poida ser Lafarge – Holcim, que xa teñen liñas regulares de exportación de áridos, pero carecen da tipoloxía de árido producido en Galicia, de xeito que o obxectivo é poder subministrar a estas grandes corporacións, de xeito que aumenten a súa gama de produtos a ofertar, na axenda provisional defínense coma os encontros tipo 2.
- Encontros, con empresas de tamaño similar as galegas, modelo PEME, co gallo de establecer acordos para as grandes licitacións internacionais, aproveitando o coñecemento de cada un deles do proceso licitador no seu país, a elevada capacidade de produción instalada na nosa comunidade autónoma, e a calidade do noso produto. Na axenda provisional defínense coma os encontros tipo 3
- Outro tipo de encontros, son cos denominados “prescriptores de produto”, habitualmente técnicos das diferentes administradores de Infraestruturas europeas, tanto de ferrocarril, coma viarias ou loxísticas. É fundamental dotar de coñecemento do produto galego a este segmento, posto que son os que definen os pregos de contratación, e polo tanto, os materiais a empregar.

O procedemento desenvolto neste encontro foi o de reunións grupais iniciais, das que derivaban en outras reunións máis específicas entre dous ou tres persoas, onde se detallaba o produto galego, apoiándose na ferramenta física, co gallo de establecer sinerxías de acceso conxunto a grandes proxectos internacionais, ou ben que se prescriba o noso produto nos novos proxectos que o permitan.


Nesta ocasión e por problemas de axenda optouse por participar de maneira telemática. De novo a cita foi relevante para internalización do noso sector, xa que déronse a coñecer proxectos europeos con interese para a comercialización de áridos naturais galegos.



Froito deste encontro tívose unha reunión cunha empresa americana que está licitando un proxecto no Golfo de Vizcaya e que mostrou interese polas canteiras de Galicia.

<http://www.uepg.eu/>

Unha vez máis e previamente a reunión enviouse o Catálogo de áridos en formato dixital o que permitiu desenvolver o traballo máis pormenorizadamente.



GLDD Subsea Rock Installation Vessel

Length Overall (LOA)	140.47 m	460.80 ft
Beam (B)	34.13 m	111.95 ft
Max Draught (D)	8.18 m	26.84 ft
Total vessel hold Loading capacity	10,000 MT	22,046 ST
Top of fin Wall to keel line (TL)	11.02 m	36.16 ft
Edge of vessel to keel line (TL)	3.60 m	11.81 ft
Depth of fin walls	8.55 m	27.99 ft
Access to vessel	Provided in forward and aft area at main deck level (PORT and STARBOARD) on F001 and 1 station on S100	
Mooring	8 moorings provided both in forward and aft	

3.1 GLDD Vessel Power Requirements

5.3 XORNADAS TÉCNICAS ANIET. OPORTO, NOVEMBRO 2023. PRESENCIAL

ANIET, fundada en 1975, é unha asociación empresarial e de servizos públicos, representativa das Canteiras de Roca Industrial e Ornamental de Portugal. Cada dous anos, o sector produtor de áridos de Portugal reúne, nesta edición na cidade de Lisboa. Esta reunión serve de punto de encontro con todo o sector produtor e comercializador de áridos de Portugal, e o arredor do mesmo desenvólvense múltiples reunións de traballo con empresarios de todo o país.



<http://www.aniet.pt/pt/>

5.4 NEPSI IN ACTION. MADRID, XANEIRO 2024. PRESENCIAL

NEPSI es la red Europea de la Sílice Cristalina Respirable e organizou en Madrid, unha das oito xornadas do Acordo sobre a Sílice Cristalina Respirable “NEPSI en Acción” que está tutelada pola Comisión Europea, na que autoridades, institucións e industria reunense para debater sobre a




lexislación e as boas prácticas para mellorar a saúde e seguridade dos traballadores cando tratan con polvo e sílice cristalina.

A participación na xornada permitiu establecer relacións con outros produtores e empresas da cadea de valor do sector dos áridos galegos.

5.5 WORLD BLASTING INNOVATION (WBI). PORTO, OUTUBRO 2024. PRESENCIAL

O WBI é un congreso internacional de recoñecido prestixio no ámbito da perforación, explosivos e voladuras. A participación de relatores internacionais permitiu a transmisión de coñecemento e información do mercado global.



Durante o congreso establecéronse contactos con potenciais clientes de Portugal, Reino Unido e Sudáfrica. A utilización dos Catálogos de Áridos en inglés permitiu o intercambio de información técnica sen lugar a erros.

6 CRONOGRAMA

O proxecto desenvolveuse segundo o seguinte cronograma:

Fases	ANO 2024											
	Xaneiro			Febreiro			Marzo			Abril		
	Maio			Xuño			Xullo			Agosto		
	Setembro			Outubro								
Deseño dos catálogos												
Difusión material promocional												
Detalle das conclusións												
Difusión das accións												
Asistencia feiras comerciais												

7 CONTRATACIONES EXTERNAS

De cara a optimización da contratación, nesta edición unicamente foi precisa a contratación da impresión das novas unidades do Catálogo de Áridos, cos mesmos custos que na anterior edición, tal e coma se detallaba na solicitude de axuda. Non se inclúen costes de envío pola dificultade de desglose con outras accións desenvoltas.

En Milladoiro, a 13 de decembro de 2024